



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
7 DE AGOSTO DE 2015.**

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e sete minutos do día sete de agosto de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
---	--

Punto 1º.- RATIFICACION CAMBIO DATA SESIÓN ORDINARIA.

Sometida a votación a ratificación do cambio de data Sesión Ordinaria o Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES) E 6 votos en contra (3 do BNG e 3 do PP), acorda ratificar o cambio de hora da sesión ordinaria do Concello Pleno.

Punto 2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 10 DE XULLO 2015.

O Sr. Emilio Mesias Farias, manfiesta que vai a votar en contra da aprobación, porque no documento que se lles deu faltaban duas follas.

O Sr. Secretario, manifesta que en Gestiona esta subsanado este feito, que se deu copia os Sres. Concelleiros.

Sometido a votación a aprobación a acta da sesión celebrada o día 10 de xullo de 2015, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG- PSOE, 1 NAL e 1 SON DE



ARES), 3 votos en contra do BNG e 3 Abstencións do Grupo Municipal do PP, acordase aprobar a acta da sesión Plenaria correspondente o día 10 de xullo de 2015.

Punto 3º.- DAR CONTA DA SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE 18-06-2015.

Polo Sr. Secretario dase conta da Sentenza da Audiencia Provincial de A Coruña de data 18-06-2015 na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que desestimando el recurso de apelación interpuesto por la representación procesal de Dª ODILA COIRA CARTELLE, Dª ROSA Mª, D. JULIAN, RICARDO, D. MIGUEL, Dª BEATRIZ Y D. FERNANDO LOSADA COIRA, contra sentencia dictada por el Juzgado de 1ª Instancia núm. 1 de Ferrol, recaída en los autos de juicio ordinario núm. 272/11, debemos confirmar y confirmamos en todos sus extremos la referida resolución, con imposición de costas dealzada a la parte apelante.”

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 4º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 12-05-2015 “RECURSO DE CASACIÓN UNIFICACIÓN DE DOCTRINA”.

Polo Sr. Secretario dase conta da Sentencia do Tribunal Supremo de 12-05-2015, “RECURSO DE CASACION UNIFICACIÓN DE DOCTRINA”, na que a Sala ACORDA:

“ Declarar la inadmisión del recurso de casación para la unificación de doctrina, interpuesto por la Letrada Dª Helena Pardo Rodríguez, en nombre y representación de Dª ASUNCIÓN GONZALEZ ANSOLEAGA y Dª NOELIA VILAR MARTINEZ, contra sentencia dictada por la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de fecha 28 de abril de 2014, en el recurso de suplicación número 4721/13, interpuesto por Dª ASUNCIÓN GONZALEZ ANSOLEAGA Y Dª NOELIA VILAR MARTINEZ frente al auto dictado por el Juzgado de los Social núm. 1 de los de Ferrol de fecha 23 de julio de 2013, en el procedimiento nº 71/10 seguido a instancia de ASUNCION GONZALEZ ANSOLEAGA Y NOELIA VILAR MARTINEZ contra CONCELLO DE ARES, sobre incidentes de ejecución.

Se declara la firmeza de la sentencia recurrida, sin imposición de costas a la parte recurrente.”

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 5º.- TOMA DE RAZÓN PERÍODO MEDIO PAGO SEGUNDO TRIMESTRE 2015.



Dase conta do acordo adoptado pola Xunta Municipal de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2015, que seguidamente se transcribe:

“PUNTO 1º.- PERIODO, MEDIO DE PAGO: SEGUNDO TRIMESTRE 2015.

Visto o resgardo de sinatura electrónica de data 23/07/2015 do Secretario Interventor, polo que comunica ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos de conformidade co artigo 4.1 b) da orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Unica do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores (PMP) das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, resultando do cálculo do período medio de pago a provedores (PMP) de 40,23 días.

A Xunta Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, darse por enterada e dar traslado do asunto ao Pleno do Concello, na vindeira sesión que se celebre.”

A vista do cal o Concello Pleno por unanimidade acorda darse por enterado.

Punto 6º.- TOMA DE RAZÓN REMISIÓN AO MHAP EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2º TRIMESTRE 2015.

Dase conta do acordo adoptado pola Xunta Municipal de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2015, adoptouse o seguinte acordo:

“PUNTO NÚM. 2.- EXECUCION ORZAMENTARIA 2º TRIMESTRE 2015.

Visto o resgardo de sinatura electrónica de data 29/07/2015 do Secretario Interventor, polo que se comunica ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos de execución trimestral do 2º trimestre do orzamento municipal de conformidade coa orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira cúa información obra no expediente.

A Xunta Municipal de Goberno, acorda por unanimidade darse por enterada e dar traslado do asunto ao Pleno do Concello, na vindeira sesión que se celebre.”



PUNTO 7º.- TOMA DE RAZÓN COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS.

PUNTO 8º.- TOMA DE RAZÓN DELEGACIÓN ESPECIAL CONFERIDA POLA ALCALDÍA.

Resolución da alcaldía 322/15, de 14 de xullo de 2015.

Dn. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO ALCALDE-PRESIDENTE deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal nunha área básica para a ordenación, desenvolvemento harmónico e sostible do Municipio como como son os aspectos relativos á redacción, tramitación e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal así como a coordinación das distintas áreas afectadas por dito instrumento de ordenación,

RESOLVO

Primeiro.- Conferir unha **delegación especial** para o cometido específico da tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal a favor do Concelleiro Dn. **LUIS CENDÁN FERNÁNDEZ**, abrangendo as facultades referentes á tramitación, coordinación e impulso para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Segundo.- Dada a natureza da presente delegación especial e os múltiples sectores da actividade municipal que afecta, atribúese a Dn. **LUIS CENDÁN FERNÁNDEZ** a facultade de coordinar aos Concelleiros-Delegados das distintas áreas no que respecta ao ámbito da ordenación do territorio.

Terceiro.- A presente Delegación limitárase ao tempo da xestión ou execución do cometido específico obxecto de delegación especial, expirando co remate do mandato ou a consecución do fin da delegación especial, sen prexuízo da revogación por causas sobrevidas de interese público ou debidamente xustificadas a xuízo desta Alcaldía.



Cuarto.- Da presente Resolución daráse coñecemento ó Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, notificándose ademais persoalmente ó designado e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen perxizo da súa efectividade desde o día seguinte ó da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales.

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a 14 de xullo de 2015, do que eu Secretario dou fe.

PUNTO 9º.- TOMA RAZÓN DESIGNACIÓN MEMBROS DA CORPORACIÓN CON ADICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 281/2015, de data 13 de xuño de 2017, relativa a Designación membros da Corporación con Adicación Exclusiva e Parcial, que seguidamente se transcribe:

“ RESOLUCIÓN NÚM. 281/2015.

DESIGNACIÓN MEMBROS DA CORPORACIÓN CON ADICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden Social, 13 do Real Decrto 2568/1986, de 28 de novembro polo cal aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a **Cartga Europea da Autonomía Local** feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47 de 24 de febreiro de 1989). A **Carta** constitúe un verdadeiro Convenio internacional, vixente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constitúe un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente o art. 7 da **Carta** declara o seguinte:

“7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local. 1. El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.

2.- Debe permitirse la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación



financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.

3.- Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas mas que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.”

Vista a nova redacción do artigo 75 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local efectuada polo artigo 42 da Lei 14/2000, e á vista da redacción dada a dito precepto pola Lei 27/2013, de 23 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Vista a nova redacción do artigo 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local efectuada polo artigo 42 da Lei 14/2000, e á vista da redacción dada a dito precepto pola Lei 27/2013, de 23 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Resultando que no orzamento do exercicio 2015, figuran nas Bases de Execución (Base 20 “Dietas e indemnizacións” as áreas que conlevan adicación exclusiva e parcial; todo elo respondendo a que as Corporacións consignarán nos seus orzamentos as retribucións, que deberán publicarse íntegramente no B.O.P., debéndose igualmente publicar os acordos do Presidente determinando os membros da Corporación que realizarán as súas función en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

DISPOÑO:

Primeiro.- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do exercicio do 2015, asignando adicacións exclusivas e parciais.

Segundo.- Determinar que desempeñaráse en réxime de adicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, os seguintes cargos:

- Alcaldía (43.325,95 euros pagadoiros en 14 mensualidades).
- Concellería-Delegación de Muller, Infancia, Xuventude, Sanidade e Servizos Sociais (25.660,73 € Anuais, pagadeiros en 14 mensualidades), designado a DÑA. MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.
- **Terceiro.-** Determinar que desempeñaráse en réxime de adicación parcial e, polo tanto, con dereito a retribución, o seguinte cargo:
- Concellería-Delegación de Urbanismo, Plans, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente (20.118,47 €. Anuais pagadeiros en 14 mensualidades), designando a DÑA. OLIMPIA MARCOS GARCIA, cun desempeño efectivo da súa xornada de 25 horas semanais.

Cuarto.- O nomeamento suporá a aplicación do réxime de adicación exclusiva ou parcial si é aceptado.



Quinto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ou réxime correspondente (Especial-MUFACE) asumindo a Corporación o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Sexto.- Do presente acordo tomaráse razón na primeira sesión Plenaria ordinaria que se celebre, tendo efectos dende o 13-06-2015.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en Ares a 13 de xuño de 2015, do que eu Secretario dou fe”.

O Concello Pleno toma razón da presente resolución.

PUNTO 10º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO PROXECTO MODIFICADO “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE EN LUBRE” INCLUIDO NO POS ADICIONAL 1/2014 DE EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

PUNTO 11º.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 04/2015 “TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS” E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO 12º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.

PUNTO 13º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS

1.- MOCION DO BNG: PROBLEMÁTICA DO ABASTECIMIENTO DE AUGA A VARIOS CONCELLOS DA COMARCA.

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, de data 3 de Agosto de 2015, que seguidamente se transcribe:



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao amparo do disposto no regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locias preenta ante o pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións dsenvolvidas na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación derivada da problemática no abastecemento de auga a varios concellos da comarca, puxo en evidencia numerosas eivas, no tocante ás condicións – infraestruturais e sanitarias na que está a prestar o devandito servizo como tamén no relativo á xestión de situacións que, como a que padecemos hai varios días, obrigaron a adoptar medidas extremas que afectaron á norma prestación do servizo á cidadanía.

En canto á información se refie, o Concello de Ares diferenciouse do resto dos concellos ante o escurantismo practicado durante a problemática, xa que o Alcalde debería trasladar aos Portavoces dos distintos grupos municipais todos e cada un dos datos que se ían coñecendo así como as medidas que ían tomando, tal e como aconteceu no resto de Concellos.

Por todo, e coa convicción de que e fundamental esclarecer o acontecido ao respecto, o grupo municipal do BNG somete para a toma en conseración polo Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno da Corporación Municipal de Ares, insta ao Concello de Ferrol/Goberno municipal de Ferrol.

1.- A establecer os mecanismos –unificando nunha única as diversas propostas de comisión que se teñen feito e poñer os recursos precisos, de maneira urxente, para o esclarecemento do acontecido ao respecto de falla de abastecemento de auga potable nos concellos de Ares, Fene, Ferrol, Narón, Mugardos entre os días 16 e 19 de xullo, día en que se restableceu o suministro e así:

- a) Poder coñecer de forma veraz a secuencia de feitos, decisión e medidas adoptadas ao respecto para a resolución do problema.
- b) Dirimir as responsabilidades precisas no plano técnico e político, tanto do Concello de Ferrol, titular do suministro, como da Xunta de Galiza como responsabel nas función de control, inspección e coordinación.



c. Introducir os cambios precisos e implementar as medidas correctoras axeitadas para que, na medida do posible, no volva a producirse un episodio como acontecido.

d. elaborar un plan de actuación ou “protocolo” común para os concellos que dependen do mesmo suministro de auga. De tal maneira que exista unha coordinación total e conxunta para dar solución no meno tempo posible a esta e a outras situación que se poidan producir no futuro.

2.- A efectuar unha convocatoria da Mancomunidad e co fin de abrir un debate ao respecto da xestión de auga nos concellos, partindo da idea de mancomunar o devantido servizo, como xeito de garantir tanto as disvuncións que se producen na xestión do mesmo (prezos, medios...), como tamén unha actuación coordinada e uniforme en casos como o que acaba de acontecer.

2.- MOCION DO BNG “SOLICITUDE AO CONSELLO DE CONTAS DUNHA AUDITORIA DAS CONTAS DO CONCELLO.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG, que seguidamente se transcribe:

“O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Ante a presión fiscal que sufrimos os veciños e veciñas de Ares, derivada da situación económica do Concello, cremos que é necesario que a veciñanza teña unha información económica contrastada, xa que é a nosa obriga ofrecela como xestores da “cousa publica”

A débeda viva do Concello de Ares a data de 31 de Decembro de 2008 era de 2.350.000 Euros e a 31 de Decembro de 2013 situámonos en 4.207.000 € segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Cumpre entón por a disposición dos administrados e administradas toda a información que explique cal é o estado financeiro do seu Concello , e que esta información estea



constrastada polos organismos que teñen encomendada a labor de fiscalización e control das contas públicas.

De acordo co anterior, e dado que a “Lei 6/1985, do Consello de Contas reserva a competencia para acordar a iniciación do procedemento fiscalizador ao Pleno da Institución” sométese a consideración do Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO:

1.- Solicitar ao Consello de Contas unha auditoria das contas do noso Concello.”

Pola Alcaldía-Presidencia, propónse que o asunto quede sobre a Mesa.

Sometida a petición da Alcaldía a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 6 votos en contra (3 PP e 3 BNG) acorda deixar a Moción sobre a Mesa.

3.- MOCION DE SON DE ARES: “CHAMAMENTO Á PARTICIPACIÓN NAS MOBILIZATIONS CONVOCADAS EN APOIO DOS GANDEIROS E GANDEIRAS GALEGAS ANTE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA NO SECTOR.

Dase conta da moción presentada polo Grupo Municipal de Son de Ares, que seguidamente se transcribe:

“ **Gustavo Pita Carballeira**, Concelleiro-Portavoz do Grupo Municipal Son de Ares, ante V.I., comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación municipal do Concello de Ares con base nos seguintes

MOTIVOS:

O Sector primario de produción de leite é un dos máis importantes, sustentos do rural galego.

As case 10.000 explotacións existentes hoxe en día no noso país crean emprego e actividade económica arredor da súa actividade.

Empresas fornecedoras de pensos, servizos veterinarios, fitosanitarios e o comercio das vilas do noso país dependen en grande medida da vitalidade deste sector.

Durante os últimos 30 anos produciuse un enorme cambio no modelo que levou consigo o peche de miles de explotacións e a concentración da produción nun



número menor delas, explotacións que fixeron un esforzó moi grande de investimento en tecnoloxía e en dimensionar a cota, esforzó que tamén se pode traducir en inversión pública para tales fins.

Porén, os gobernos, nun país gobernado polo PP durante 29 dos 36 anos de democracia, non foron quen de resolver problemas estruturais que hoxe lastran o sector.

- 1) Carencia de ordenación do territorio e de políticas efectivas de mobilidade da terra, fracaso que significa o continuo abandono de terras potencialmente produtivas e un maior custe de produción das nosas explotacións, que por non ter base territorial suficiente dependen en exceso da compra de pensos, o que as fai competir en inferioridade de condicións cos produtores doutros países onde os gobernos si fixeron os deberes neste aspecto.
- 2) Ausencia dunha política industrial que dotase a Galiza dun complexo industrial de transformación en produtos lácteos con maior valor engadido.
- 3) 3) Non existencia dun marco normativo efectivo que garanta o equilibrio na cadea comercial e que impida o abuso de posición de dominio da industria e a distribución sobre os gandeiros.

Hoxe en día sonlle impostas aos nosos produtores presas e condicións baixo ameazas de non recollida e segue a utilizarse impunemente o leite como produto reclamado, así como a venda e perdas.

Por outra banda e coñecendo que o 1 de abril de 2015 remataba o sistema de cotas en Galiza, carecemos dun plan estratéxico, que debeu terse feito no seu momento, para previr posibles escenarios coma a que agora vivimos, cuestión dunha gravidade enorme, que pode suponer a quebra de centos de explotacións.

As solucións aos problemas estruturais chegarán a través de medidas a medio e longo prazo e para chegar alá hai que sobrevivir á actual situación de emerxencia

4.- MOCION DO PARTIDO POPULAR: "DEFENSA DO SECTOR LACTEO GALEGO.

Dase conta da Moción presentada pola voceira do Grupo Popular que seguidamente se transcribe:

"O Voceiro do Partido Popular, Dona JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCION PARA A DEFENSA DO SECTOR LACTEO GALEGO:**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante anos os gandeiros de Galicia, ao igual que os do resto da Unión Europea, estiveron suxeitos ás cotas de produción da UE. Este sistema de cotas permitía ter un control de produción para establecer unha base de prezo do leite con menos volatilidade, máis con subas e baixadas estacionais, xa que algunhas compañías resultaban con presos altos e noutras os presos percibidos polo produto descendía considerablemente, en boa maneira por mor da incidencia do mercado internacional e pola pouca especialización das industrias lácteas.

Agora a situación aínda se volve máis complexa. Logo da desaparición das cotas lácteas o mundo gandeiro está sumido nunha situación de dúbidas e incertezas, favoreidas por algúñas opinións subxectivas alleas aos datos obxectivos.

A posta en marcha dos contratos lácteos, que deberían ser unha seguridade para o sector leiteiro, non esta dando os resultados previstos porque a capacidade de negociación colectiva non está a ser aproveitada por parte das Organizacións de Productores Lácteos, sen que a industria teña en consideración esa capacidade de negociación do produtor e sen que os dirixentes das devanditas organizacións fagan algo por remédialo.

A este respecto, consideramos un hándicap importante a falta de unión que está aomsando o sector e incluso as OPL postas en marcha, que non están conseguindo os resultados de negociación que serían desexables, chegando incluso a non dispoñer dunha axeitada organización da capacidade de produción e oferta e de axuste coa demanda de leite.

Neste senso, esta situación lévanos a ver con moita preocupación como os presos percibidos polos produtores non se incrementen, principalmente nas comunidades máis distantes dos principais centros de problemas de recollida do leite producido en varias explotacións con dificultades case insalvables si se pretende cambiar de empresa de recollida.

Na cadea de desenvolvemento deste sector, vital da nosa economía, deben estar presentes os produtores, os encargados da recolleita do leite ou transformadores e tamén a distribución e venda final do produto como único modo de asegurar a rendibilidade e seguridade alimentaria para todos.



Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía de Galicia, propoño ao Concello de Ares a aprobación na defensa do sector lácteo os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Solicitar ao Ministerio de Agricultura, alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) a asupia da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) a inclusión da representación de produtores, transformadores e distribución, en tanto que é necesario as tres partes estean presentes e coordinadas para garantir a estabilidade do sector.

Segundo.- Solicitar da INLAC a trasladar as partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de presos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, tal e como se recolle na normativa vixente.

Terceiro.- Instar ás organización agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de presos, de xeito que os contratos lácteos reflictan a calidade do leite galego e se traslade a plasmación legal do demandado polas propias organización agrarias.

Cuarto.- Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos que neste momento reciben un prezo inferior polo leite e que contén cuns custos de produción superiores podan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade.

Quinto.- Trasladar estas propostas ás administración, Ministerio, Xunta e Comisión Europea, e demais membros da cadea, para que, mediante, as reunión pertinentes, se podrán facer realidade estes acordos.”

PUNTO NÚM. 14.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e cincuenta e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fé.



O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



CONCELLO DE ARES *(A CORUÑA)*

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E